



Colexio Marista "A Inmaculada"
Lugo

PROXECTO EDUCATIVO
ASPECTOS CURRICULARES XERAIS:
DECISIONS XERAIS SOBRE
METODOLOXÍA

1/1

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

1.- OBXECTIVO

Marcar as liñas xerais metodolóxicas no colexio.

2.- ALCANCE

Este protocolo é de aplicación para todo o profesorado e alumnado.

3.- REALIZACIÓN

- a) Pártese do **nivel de desenvolvemento** do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
- b) Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de **capacidades xerais e de competencias básicas** e específicas por medio do traballo das materias.
- c) Dáse prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa **aprendizaxe mecánica**.
- d) Propíciáanse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobar o interese e a **utilidade** do aprendido.
- e) Foméntase a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.
- f) Dáse importancia ao **profesor** como guía da aprendizaxe
- g) Alternarase a **aprendizaxe** por facilitación (o profesor presenta de forma ordenada os coñecementos), coa aprendizaxe por descubrimento (o alumno é máis autónomo) e coa aprendizaxe por iniciativa do alumno (o alumno interésase por un tema novo)
- h) O **traballo en grupo** deberá ser secuenciado, guiado, programado e revisado polo profesor e cada membro do grupo fará unha parte do traballo.
- i) Uso de materiais e recursos:
 - a. TIC segundo programacións
 - b. Biblioteca
 - c. Recursos varios
- j) Criterios para a distribución dos alumnos e composición dos grupos:
 - a. Os grupos cambiarán cada etapa (EI), ciclo (EP) e curso (ESO)
 - b. Separaranse os grupos conflictivos
 - c. Na formación dos grupos atenderase a criterios coma xénero, aptitude, actitude, ser novo no Colexio...

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender **de forma autónoma**.